

Regulamento de Prácticas Externas do estudiantado do Máster Universitario en Enerxía e Sustentabilidade

MARCO NORMATIVO:

Marco Normativo UE (para estudiantado nacional de países terceiros):

Directiva 2016/801/UE do Parlamento Europeo e o Consello.

Instrucións da Dirección Xeral de Migracións sobre a transposición ao ordenamento xurídico español Directiva 2016/801/UE, no caso de prácticas.

Marco Normativo Estatal:

- Real Decreto 592/2014 polo que se regulan as prácticas académicas externas do estudiantado universitario.
- Real Decreto 1393/2007, polo que se establece o ordenamento das ensinanzas universitarias oficiais e as súas modificacións posteriores.
- Real Decreto 1791/2010 polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario, en concreto os seus artigos 8 e 9, relativos as prácticas académicas curriculares e extracurriculares.
- Real Decreto 1493/2011 e Real Decreto Ley 8/2014 relativos a inclusión no réxime xeral da SS, e bonificación polas prácticas académicas externas.

Normativa da Universidade de Vigo:

- Regulamento de Prácticas Académicas Externas do Estudiantado da Universidade de Vigo, aprobado en Consello de Goberno de 29/04/2021
- Resolución reitoral vixente pola que se fai pública as instrucións para o desenvolvemento do regulamento das prácticas académicas externas na Universidade de Vigo.

Normativa da Escola de Enxeñería Industrial:

- Regulamento de Prácticas Externas da EEI, no que delégase o labor do Coordinador de Prácticas Externas no Coordinador/a de Máster (Artigo 3.5 do Regulamento de prácticas en empresa da Escola de Enxeñería Industrial, aprobado pola Comisión Permanente do 24/05/2021, e modificado 22/04/2022).

Artigo 1. Obxecto, réxime xurídico e ámbito de aplicación

1. O obxecto do presente regulamento é o ordenamento das prácticas académicas externas do estudiantado matriculado no Máster Universitario en Enerxía e Sustentabilidade.
2. O marco legal que regula as prácticas externas está definido no disposto no apartado de Marco Normativo do presente regulamento, e no propio regulamento de Prácticas Externas do estudiantado do Máster Universitario en Enerxía e Sustentabilidade, así como, nas instrucións específicas que deles deriven.
3. Entran dentro do ámbito desta normativa todas as prácticas externas realizadas polo estudiantado do Máster Universitario en Enerxía e Sustentabilidade. Inclúense as realizadas a través de convenios bilaterais con outras universidades ou institucións, así como as realizadas a través de programas nacionais de mobilidade e intercambio universitarios.

4. Quedan excluídas deste regulamento as especificadas no Artigo 2 do Regulamento de Prácticas Académicas Externas do Estudantado da Universidade De Vigo.

Artigo 2. Definición e características das prácticas externas

1. As prácticas externas constitúen unha actividade académica de natureza formativa realizada polos estudantes, co obxectivo principal de completar e aplicar, nun ámbito profesional, competencias e coñecementos adquiridos polo alumnado nos seus estudos.
2. As prácticas externas poden realizarse en entidades colaboradoras, tales como empresas, institucións e entidades, de carácter público ou privado, no ámbito nacional ou internacional. Os requisitos das entidades colaboradoras figuran no Artigo 9 do Regulamento de prácticas académicas externas do estudantado de Universidade de Vigo
3. Tamén poden realizarse prácticas externas en centros, servicios e unidades da propia Universidade de Vigo que non estean destinados á actividade docente. Os requisitos son os recollidos no Artigo 16 do Regulamento de prácticas académicas externas do estudantado de Universidade de Vigo
4. As prácticas externas poden adoptar dúas modalidades:
 1. Prácticas externas curriculares, que se configuran como actividades académicas integradas na materia de “Prácticas Externas” do Máster Universitario en Enerxía e Sustentabilidade.
 2. Prácticas externas extracurriculares, que se realizan con carácter voluntario durante o período de formación e que, aínda tendo os mesmos fins que as prácticas curriculares, non forman parte do correspondente plan de estudos.
5. Se a realización de práctica esixise a necesidade de desprazarse fóra das instalación da entidade colaboradora, deberá indicarse no proxecto formativo. No caso que o estudantado teña que realizar outros desprazamentos, estes deberán estar autorizados pola persoa titora académica.

Artigo 3. Coordinación das prácticas académicas externas

1. O coordinador do Máster poderá encargarse a xestión das Prácticas Externas Curriculares no Coordinador/a da Materia de Prácticas Externas, o que deberá ser aprobado pola Comisión Académica do Máster.
2. As funcións básicas do coordinador de prácticas do Máster serán as establecidas no Regulamento de Prácticas Académicas Externas do Estudantado da Universidade de Vigo e na resolución reitoral, do 21 de febreiro de 2013, pola que se fai pública a instrución que establece o procedemento para desenvolver as prácticas académicas externas da Universidade de Vigo, que se recollen a continuación:
 1. Encargarse, xunto cos titores académicos, de contactar coas empresas/entidades para que os seus e as súas estudantes realicen prácticas externas curriculares. Así mesmo, contarán coa colaboración da Área de Emprego nos procesos de procura.
 2. Promover convenios de cooperación educativa.
 3. Coordinar a xestión da práctica.
 4. Coordinarse, así mesmo, coa Fundación Universidade de Vigo (FUVI) para o nomeamento de titores académicos para realizar as prácticas extracurriculares. As prácticas extracurriculares son xestionadas pola FUVI de acordo coa normativa aprobada pola Universidade de Vigo e segundo o encargo de xestión asinado para tal efecto entre a Universidade de Vigo e a FUVI. As prácticas extracurriculares realizadas por cada estudante poderán ser recoñecidas como prácticas curriculares polo máster segundo se recolle no artigo 8 do presente regulamento.

5. Remitir a documentación administrativa para a súa custodia no centro ou órgano que corresponda.
3. Será así mesmo función do coordinador de prácticas do Máster a asignación de tutores académicos nas prácticas extracurriculares realizadas polo estudiantado do Máster. A devandita asignación realizarase por pedimento da FUVI ou do órgano con competencias asignadas.

Artigo 4. Titorización das prácticas académicas externas curriculares

1. O coordinador de prácticas do Máster designaralle un tutor académico a cada estudante en prácticas, que será o Coordinador da Materia de Prácticas en Empresa, salvo circunstancias extraordinarias.
2. Os requisitos, dereitos e deberes dos tutores académicos son os recollidos nos artigos 10 e 12 do Real Decreto 592/2014.
3. Entre as funcións do tutor académico pódense citar:
 1. Velar polo normal desenvolvemento do proxecto formativo, garantindo a compatibilidade do horario de realización das prácticas coas obrigacións académicas, formativas e de representación e participación do estudante.
 2. Facer un seguimento efectivo das prácticas coordinándose para iso co tutor da empresa/entidade e logo de ver, de ser o caso, os informes de seguimento.
 3. Autorizar as modificacións que se produzan no proxecto formativo (sen prexuízo do indicado nas convocatorias de programas internacionais de prácticas).
 4. Levar a cabo o proceso avaliador das prácticas do estudante tutelado de acordo co que se establece no artigo 18 do Regulamento de Prácticas Académicas Externas do Estudiantado da Universidade de Vigo,
 5. Gardar confidencialidade en relación con calquera información que coñeza como consecuencia da súa actividade como tutor.
 6. Informar ao coordinador de prácticas do máster das posibles incidencias xurdidas.
 7. Supervisar e, se for o caso, solicitar a adecuada disposición dos recursos de apoio necesarios para asegurar que os e as estudantes con discapacidade realicen as súas prácticas en condicións de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.
4. Os requisitos, dereitos e deberes dos tutores de empresa son os recollidos nos artigos 10 e 11 do Real Decreto 592/2014.

Artigo 5. Titorización das prácticas académicas externas extracurriculares

1. O coordinador de prácticas do Máster designaralle un tutor académico a cada un dos estudantes que realicen prácticas académicas externas extracurriculares, seguindo as instrucións do Regulamento de Prácticas Académicas Externas do Estudiantado da Universidade de Vigo. Con esta finalidade, abrirase un prazo antes do comezo de cada curso académico para que os profesores que cumpran as especificacións do artigo 10.2 do Regulamento de prácticas académicas externas do estudiantado da Universidade de Vigo se ofrezan como tutores académicos.
2. Os requisitos, dereitos e deberes dos tutores académicos son os recollidos nos artigos 10 e 12 do Real Decreto 592/2014.

Artigo 6. Persoas destinatarias das prácticas externas curriculares e requisitos que deben cumprir para realízalas

1. Para realizar as prácticas externas curriculares, o estudante debe:
 1. Estar matriculado na materia de Prácticas Externas no Máster Universitario en Enerxía e Sustentabilidade.
 2. Estar matriculado de tódalas materias pendentes para acadar a titulación. No caso dos alumnos en matrícula condicionadas poderán non estar matriculados no TFM.
2. Durante o período de realización das prácticas externas non se poderá manter ningunha vinculación contractual coa entidade colaboradora en que se realicen, ou coa propia Universidade de Vigo, de ser o caso.

Artigo 7. Procedemento para realizar as prácticas académicas externas curriculares

1. O Máster fará pública o comezo do 2º cuatrimestre:
 1. A oferta prevista de prácticas externas curriculares. As prácticas serán 100% presenciais. Soamente se autorizarán prácticas semi-presenciais ou remotas, ante situacións excepcionais sobrevenida, e sempre por indicación expresa da Universidade de Vigo.
2. Na devandita oferta figurarán como mínimo:
 1. Nome da empresa
 2. Centro de traballo
 3. Número de horas (3 ECTS = 75h)
 4. Horario
 5. Coñecementos requiridos
 6. Actividades que deben realizar
 7. Titor na empresa
 8. Titor académico
 9. Período
3. No entanto, é posible engadirle á oferta de prácticas en empresa segundo o punto anterior outras ofertas que lle vaian chegando ao coordinador de prácticas en empresas do Máster.
4. No momento de matricularse na materia de Prácticas Externas o estudante será informado polos servizos administrativos que, no caso de non acadar una praza o 15 de abril obrigatoriamente seralle asignada matrícula na materia optativa de “Sistemas avanzados de análise e distribución de enerxía”.
5. Ao inicio do 2ª cuatrimestre poñerase a disposición do estudiantado a oferta completa de prácticas en empresa curriculares, establecéndose unha data límite para que os estudantes envíen á Secretaría do Máster os seus CV actualizados, e a relación de empresas que sexan do seu interese.
6. Poñeranse a disposición de cada empresa os currículos dos estudantes que soliciten realizar as prácticas na citada empresa ou entidade.
7. As empresas seleccionarán os estudantes do seu interese, para o que poderán realizar entrevistas ou probas. A devandita selección seralles comunicada aos estudantes por o coordinador de prácticas en empresa do Máster.
8. A continuación, o estudante deberá elixir e aceptar unha das prácticas ofertadas. Unha vez aceptada unha das prácticas, non poderá cambiala.

9. O estudante, o titor na empresa e o titor académico asinarán o documento oficial de aceptación e formalización de prácticas externas curriculares da Universidade de Vigo. Este documento deberá estar depositado nos servizos administrativos da EEI antes do comezo das prácticas.
10. O estudante deberá manter contacto periódico, preferentemente semanalmente, co seu titor académico por un medio do que quede constancia. No caso de producirse calquera incidencia, deberá informar canto antes o seu titor académico e, de ser o caso, o coordinador de prácticas do Máster
11. Unha vez rematadas as prácticas en empresa, e dentro dos sete días hábiles posteriores o estudante deberá cubrir e asinar o seu informe de prácticas, que lle entregará ao titor académico. A memoria final das prácticas externas do estudante como mínimo conterá a seguinte información:
 1. Datos persoais do estudante.
 2. Nomes do titor académico e do departamento da Universidade de Vigo ao que pertence.
 3. Nome e cargo do titor na empresa.
 4. Nome e localización da empresa ou entidade onde realizaron as prácticas.
 5. Datas de inicio e fin das prácticas, así como o número de horas realizadas.
 6. Breve descrición da empresa, do sector ao que pertence e das súas liñas de traballo principais.
 7. Descrición concreta e detallada das tarefas, dos traballos desenvolvidos e dos departamentos da empresa ou entidade aos que estivo asignado.
 8. Valoración das tarefas desenvolvidas cos coñecementos e competencias adquiridas en relación cos estudos universitarios cursados.
 9. Relación dos problemas técnicos presentados e o procedemento seguido para resolvelos.
 10. Identificación das achegas que, en materia de aprendizaxe, supuxeron as prácticas.
 11. Breve descrición das incidencias xurdidas ao longo das prácticas que lle foron comunicadas ao titor académico, así como as solucións adoptadas.
 12. Avaliación das practicas segundo o modelo oficial da Universidade de Vigo.
 13. Outros documentos esixidos polos programas de prácticas internacionais.
12. Ao recibir os citados informes, o titor académico cubrirá e asinará o seu informe de prácticas no modelo oficial da Universidade de Vigo, que incluírá a avaliación numérica das prácticas realizadas. Para iso terá en conta tanto os informes de prácticas do estudante e do titor en empresa, como as conclusións dos contactos mantidos co estudante e co titor na empresa ao longo do período de prácticas. O método de cálculo da citada avaliación, será o que figure na Guía Docente da materia de Prácticas Externas.
13. Dentro do período de sete días hábiles a partir da recepción dos informes de prácticas, o titor académico deberá cubrir, asinar e entregar nun dos Negociados de Asuntos Xerais o certificado de prácticas en empresa, segundo modelo oficial da Universidade de Vigo.
14. O secretario do centro asinará o certificado de prácticas en empresa, que será custodiado na Secretaría de Estudantes da EEI.

Artigo 8. Recoñecemento das prácticas extracurriculares

1. Os estudantes que realicen prácticas extracurriculares cumprindo os seguintes requisitos:

1. O estudante/a debe estar matriculado no Máster Universitario en Enerxía e Sustentabilidade o longo da realización das prácticas extracurriculares.
2. Terá aprobados polo menos, o 50 % dos créditos do Máster no inicio das citadas prácticas.
3. Que a asignación da práctica externa extracurricular fose realizada pola FUVI; isto inclúe que o estudante entregase unha memoria final de prácticas en empresa, cumprindo as especificacións do punto 11 do artigo 7 deste regulamento, e que o estudante tivese mantido un contacto periódico co seu titor académico, tal como se especifica no punto 10 do mesmo artigo.
4. Que o número de horas das prácticas fose alomenos o requirido para cubrir o número de créditos ECTS da materia de Prácticas en Externas.

Poderanlle solicitar á Comisión Académica o recoñecemento das prácticas extracurriculares realizadas pola materia de Prácticas Externas, dentro dos prazos administrativos previstos pola Universidade de Vigo. A Comisión Académica do Máster valorará o grado de relación das actividades realizadas polo estudante durante as prácticas extracurriculares coas competencias asignadas no plan de estudos á materia de Prácticas en Externas do Máster, a memoria das prácticas entregada polo estudante, o informe do titor na empresa e o informe do titor académico, para conceder o recoñecemento.

Artigo 9. Recoñecemento das prácticas curriculares por experiencia profesional

1. Os estudantes que contén con experiencia profesional cumprindo os seguintes requisitos:
 1. Que o número de horas da experiencia profesional fose alomenos o requirido para cubrir o número de créditos ECTS da materia de Prácticas en Externas.
 2. A experiencia profesional a ter en conta será dun único contrato cuxo período debe coincidir, a lo menos na duración equivalente a la prácticas curriculares, cun período no que o estudante estivese matriculado no máster.

Poderanlle solicitar á Comisión Académica o recoñecemento da experiencia profesional pola materia de Prácticas en Empresa, dentro dos prazos administrativos fixados pola Universidade de Vigo. Para a resolución da solicitude teranse en conta, entre outros, os seguintes aspectos: que as actividades realizadas durante as prácticas extracurriculares estean directamente relacionadas coas competencias asignadas no plan de estudos á materia de Prácticas en Empresa do Máster, que as actividades teñan relación cos contidos do Máster e a duración de a actividades e a súa dedicación en horas/semana.

Para solicita-lo recoñecemento, a estudante deberá aportar a seguinte documentación:

- a) Copia do documento de vinculación contractual ca empresa durante o período polo cal se solicita o recoñecemento das prácticas.
- b) Memoria das actividades realizadas, onde debe constar:
 - Descrición detallada das actividades realizadas
 - Duración das actividades profesionais.
 - Esta memoria debe estar firmada polo estudante e pola empresa.
- c) Informe de vida laboral expedido pola “Tesorería General de la Seguridad Social” ou organismo equivalente.

No caso que o estudante realice a súa actividade laboral como autónomo as actividades realizadas deberán estar avaladas por un terceiro (visado de proxectos, informes dos clientes...).

Artigo 9. Dereitos e deberes dos estudantes

1. Tanto os que figuran no artigo 9 do Real Decreto 592/2014 polo que se regulan as prácticas académicas externas do estudiantado universitario, coma os que se engaden neste regulamento.

Disposición final

Este regulamento entrará en vigor o día seguinte de aprobalo a Comisión Académica do Máster de Enerxía e Sustentabilidade.

Aprobado pola Comisión Académica na reunión que tivo lugar o 10 de marzo de 2023